

## Canastros 9 a 11

030242

### Datos de Localización

Canastro

<b>Nomenclator:</b>	3206204
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 59487300 <b>Y:</b> 465258400
<b>Concello:</b>	Porqueira
<b>Parroquia:</b>	PORQUEIRA
<b>Lugar:</b>	Fontemoura
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Civil
<b>Tipo:</b>	Construcións de Almacenamento
<b>Subtipo:</b>	<b>Canastro</b>



<b>Denominación:</b>	<b>Canastros 9 a 11</b>
<b>Etapa Histórica:</b>	Idade Contemporánea
<b>Estilo relevante</b>	Popular

#### Outros Estilos:

#### Descrición:

Conxunto de tres canastros de madeira, dous deles en mal estado de conservación e un terceiro que se atopa nun estado óptimo. Empezando por este último, pódese dicir que está composto por tres parellas de pés sobre os que descansan tres mesas de pedra. Este é o soporte empregado para unha considerable cámara de madeira, cámara que se pecha nos lados costais mediante tres lenzos de doelas dispostas en posición vertical e atravesadas por faixas. Resérvanse os lados penais para as portas de acceso ó corpo do hórreo. Cuberta a dúas augas con tella curva. A estrutura dos outros dous exemplares é moi similar: empregan como soportes catro esteos e catro tornarratos en forma de roda. Sobre esta estrutura aséntanse as grades dos hórreos cunhas padieiras notablemente afectadas polo paso dos anos. Para o peche das cámaras emprégase nos lados costais dous lenzos de doelas dispostas en vertical e atravesadas por faixas. Nun dos canastros, na parte inferior das faixas crávanse uns balaustres en diagonal que serven para reforzar a unión entre as doelas. Precisan de varios soficos ó longo do perímetro das cámaras para que éstas se poidan manter en pé. As portas de acceso atópanse nos lados penais e constan de dúas follas sobrepostas, as inferiores de maior envergadura cás superiores. As cubertas a dúas augas empregando tella curva.

### Características Construtivas

#### Plantas:

#### Edif. Anexas:

#### Mat. Fachada:

**Mat. Estrutura:** Madeira e granito

**Mat. Cuberta:** Tella

#### Elementos singulare

#### Construtivos:

#### Decorativos:

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros  
Area de Protección: 50m.

## Protección

Tipo de ben: BIC  
Proposta de tipo de ben:  
Estado de Tramitación: Declarado  
Nivel de Protección Arq.: Integral  
Proposta Nivel de Protección Arq.  
Grao de Protección Arq.: ----  
Proposta Grao de Protección Arq.: ----  
Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.  
Titularidade  
Polígono:  
Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo  
Uso Actual: Sen uso  
Alteracións Morfolóxicas  
Tipo:  
Data:  
Descrición:  
Proxecto:  
Axentes:  
Observacións:

## Bens Mobles





